

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colegiado:
PLN/2022/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de XUÑO de 2022
Duración	Desde as 21:00 ata 23:25 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MINIA ASTRAY BARCA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación

Indica o Sr. Alcalde que nin o BNG nin o PP puideron acceder, polo tanto, queda a aprobación da acta do pleno extraordinario de abril pendente de aprobación para a vindeira sesión.

Intervén a Sra. Suárez para indicar que si que tiveron acceso pero que non teñen ningún inconveniente en que quede pendente para o vindeiro Pleno

2. Moción Partido Socialista.

Favorable

Tipo de votación

MOCIÓN

Estamos a ver como algunhas das obras licitadas e feitas polo goberno de Outes non están a cumprir cun estándares de calidade, de feito dúas delas que vimos de comprobar in situ, non é que non cumpriran na calidade, se non que moi ó noso pesar están a presentar uns problemas que se deberían solucionar canto antes, pero non creemos que deba ser o concello o que as solucione, senón as empresas que se fixeron coa adxudicación das mesmas, estamos a falar de dúas obras correspondentes a mocións feitas polo Partido Socialista como son as obras feitas nas aulas de infantil do CEIP, que se está a levantar a tarima flotante posta, e a obra da antiga escola de Viladomonte que como creo que xa foron informados vostedes fai bastante tempo, meten humidade por tódolos currunchos e por iso solicitamos o apoio desta corporación para tomar o seguinte **ACORDO**:

1.- Reclamar urxentemente o amaño de ditas deficiencias ás empresas adxudicatarias, xa que consideramos que as obras feitas teñen un deterioro tan tanxible en tan curto tempo que debería estar cuberto pola garantía de ditas empresas, e de non ser así mirar como dende o concello se poden reclamar danos e prexuízos polas desfeitas das mesmas.



DEBATE

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que pensan que todas as obras que se fagan no Concello, tanto como se as promocionan o Concello como se as fai outra administración, teñen que ser resoltas coa calidade requirida e que en calquera das situacións correspóndelle ao goberno municipal porque iso sexa así e tomar as medidas precisas no caso de que haxa algún incumprimento, deficiencias na calidade, na execución ou en calquera outro problema que se derive das mesmas.

En canto ao acordo da moción parécenos que non é a fórmula máis axeitada para o que expoñen. Dicimos isto porque nel atribúen ás empresas adxudicatarias a responsabilidade das deficiencias que describen, pero o certo é que no proceso de execución dunha obra interveñen máis axentes que o contratista. Interveñen proxectistas, os de control de calidade, promotores, etc e todos eles teñen tamén responsabilidade nos aspectos que lles corresponden. Consideramos que neste tipo de asuntos o máis correcto é: primeiro identificar e avaliar as deficiencias e despois determinar de quen é a responsabilidade das mesmas para requirirille o seu amaño. Dito isto, poderíamos apoiar esa moción se se cambiase o acordo quedando da seguinte maneira “Que o goberno local faga as xestións necesarias para identificar e avaliar as deficiencias das obras referidas e posteriormente determinar a qué axente implicado nelas lle corresponde a responsabilidade das deficiencias atopadas e requirirille o amaño das mesmas”. Se ten a ben cambiar o acordo neste sentido estaríamos a favor da súa moción.

Intervén o Sr. González que indica que en primeiro lugar serán as intervencións dos grupos e despois o Partido Socialista valorará a proposta feira polo PP.

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que como ben é certo tódalas obras precisan dun seguimento e non só diso. Vostedes son coñecedores a escola de Vila do Monte xa tivo problemas durante a obra polas vigas de ferro que non correspondera co proxecto e púxose ao seu coñecemento e non fixeron caso o no caso das humidades. No da tarima do CEIP posiblemente si que haxa que dirimir de quen é a responsabilidade, se as filtracións son exteriores ou non se detectou no seu momento.

Non só son estas dúas obras, basta con que en calquera lugar se faga un bacheado e vexan como queda e están ao longo de todo o noso Concello. Despois de tres anos pode ver en que estado está a varanda da Pontenafonso. Unha vez



máis Sr. González non mostra máis que desinterese continuo e patente non só en como se gasta os cartos do nosos veciños senón cal é o resultado dese gasto.

Sr. González pedímoslle que asuma as súas responsabilidades e faga o favor de facer unha visita cada vez que realiza unha das obras que realizan.

Toma a palabra o Sr. González que indica que subscriben case ao 100% á intervención da voceira do PP. Vostede na súa intervención pon o foco nas actuacións das empresas contratadas e hai moitas circunstancias imprevistas que xorden cando se executan unhas obras que moitas veces non teñen que ver nin con quen realiza a obra ou o promotor ou etc. Son simplemente cuestións que non se tiveron en conta nese momento e que de alí a un tempo xorden. O Sr. Alcalde fai un exemplo con respecto ao CEIP de Outes e as humidades. O máis razoable e estamos conformes co que plantexaba a voceira do PP e subscribimos a que apuntaba no acorda da moción. Cremos que cando suceden estas cuestións hai que facer unha análise, como xa se esta facendo, e unha vez feita implementar a solución. Polo tanto, tamén propoñemos ese cambio do acordo nese senso.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que apunta que ao seu partido o que lle interesa sempre é o amaño das desfeitas e como deberíamos poñer, non me cabe dúbida de que non son experto en obras. En canto á proposta eu nunca tiven problemas por poñer como vostedes queiran, sempre e cando demos solventar os problemas que temos. Dito isto non teño reparo en aceptar directamente a proposta do PP.

A Sra. Molinos volve a ler en alto a proposta efectuada e aceptada polo Partido Socialista.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor

Aprobase a moción por unanimidade, quedando o citado acordo aprobado co seguinte contido:



PRIMEIRO.- Que o goberno local faga as xestións necesarias para identificar e avaliar as deficiencias das obras referidas e posteriormente determinar a qué axente implicado nelas lle corresponde a responsabilidade das deficiencias atopadas e requirirlle o amaño das mesmas.

3. Moción do Partido Popular.

Favorable

Tipo de votación

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro costeiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro de España. Por esta razón, a Xunta de Galicia leva solicitando nos últimos anos ao Goberno Central o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, dende a Comunidade galega reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autonómica, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Esta transferencia permitiríalle a Galicia xestionar as autorizacións e concesión no dominio público marítimo-terrestre, como acontece nas comunidades de Andalucía e Cataluña e como se está a negociar tamén co País Vasco.

Este traspaso tamén facilitaría a simplificación de trámites e evitaría a duplicidade que pode chegar a provocar a existencia de dous niveles administrativos nesta zona e tomar decisións máis axeitadas.

Cómpre lembrar que na franxa do litoral están asentadas preto de 4.000 edificacións pertencentes a 82 concellos entre os que se encontra **Outes**.

En definitiva, é indispensable para Galicia contar con esta transferencia, tendo en conta que a Comunidade e os Concellos do litoral son os que dispoñen dun maior grao de coñecemento da realidade do litoral galego, do sector mar-industria e do valor que supón o seu patrimonio.



Por todo o que acabamos de expoñer requirimos deste Pleno o seguinte acordo:

ACORDO:

“O Pleno do Concello de OUTES insta ao Goberno Central a transferir, o antes posible, á Xunta de Galicia a xestión de todas as competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre”.

DEBATE

Toma a palabra o Sra. Suárez voceira do BNG que indica que teñen unha enmenda que presentar, que establece que o adiataron por correo ao que a Sra. Molinos indica que non ten coñecemento do mesmo. A Sra. Suárez procede á lectura da proposta de enmenda indicando que sería engadir á proposta que fai o PP unha modificación que quedaría do seguinte xeito: “O Pleno do Concello de Outes insta á Xunta de Galicia a solicitar urxentemente a convocatoria da Comisión de transferencias Xunta-Estado para impulsar a transferencia sobre a competencia da ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como doutras competencias das que xa houbo acordos parlamentarios e que xa foron transferidas ou están en proceso de negociación con outras Comunidades Autónomas”.

Continúa a voceira do BNG indicando que lles sorprende esta moción do PP no Concello porque recordamos que o PP leva 13 anos na Xunta e durante este tempo coincidiu cun goberno estatal do seu mesmo grupo. O Sr. Feijoo non fixa nada con respecto a esta transferencia nin a outras que deberían estar transferidas. O que si fixo o PP foi bloquear e votar en contra no Parlamento galego, no Congreso e no Parlamento europeo todas aquelas melloras para o sector mariñeiro e pesqueiro do nosos país. Un sector que é moi importante e aínda así non temos a competencia e a lexislación con respecto a mesma faise dende Madrid ou dende Bruxelas e así nos atopamos con lexislación que non axuda á xente do mar. O BNG sempre estivo a favor de ter máis competencias e máis autogoberno e consideramos urxentes a transferencias de competencias neste ámbito. Imos a aprobar a súa moción, sempre e cando estean dispostos a engadir a modificación citada.

Toma a palabra o voceiro de Partido Socialista, o Sr. Caamaño, visto que este partido tiña unha enmenda realizada na Comisión e vista a proposta do BNG o único que fai é engadir o tema da urxencia á enmenda que estaba prevista previamente polo Partido Socialista, volvo a engadir que non me importa como



vaia escrito. Si que me choca que sabendo que había unha enmenda proposta polo Partido Socialista o BNG veña por enriba dela, pero, como sempre traballamos polo sentido común e con sentido común. Imos votar a favor da súa moción con enmenda ou sen ela. Engadir, qué pasa co PP de Galicia? Que só reclamamos cando está gobernando o PSOE en Madrid, mira que tiveron anos para facelo. Non sei se o seu amigo Feijoo non quixo molestar porque tivo 13 anos de Goberno na Xunta e en Madrid dende 2011-2018 e queren saber cal é a diferenza nos últimos 16 anos. O goberno do bipartito en 3 anos e medio consegue 2, 3 e 7 transferencias no ano 2006, 2007 e 2008 respectivamente. Vostedes co Presidente de Galicia co aspirante a presidir hoxe o goberno de España, non conseguiu ningunha. Non teño máis que dicir, que por sentido común imos a votar a favor da mesma.

Toma a palabra o Sr. González que indica que están de acordo en que mellor xestionar as costas galegas e un goberno que saiba as características e circunstancias que se se xestiona dende Madrid, por unha cuestión de proximidade. A xestión do dominio público marítimo-terrestre é necesario que se faga dun xeito máis áxil e sufrímolo. Por todo imos a apoiar esta moción coa enmenda ou sen ela. Lembramos que vostedes deberían facer un exercicio de solicitar as competencias non só cando goberna a oposición, en Madrid o PSOE, e non cando vostedes gobernen. Esta é unha cuestión bilateral. Imos a apoiar esta moción.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que vistas todas as consideracións que acaban de facer non temos ningún problema en poñer de acordo ao BNG e ao Partido Socialista e aceptar esa enmenda que é a mesma proposta pero ampliada. Non temos máis que engadir, aceptamos a enmenda.

Intervén a Sra. Suárez para ler o texto final da enmenda proposta “O Pleno do Concello de Outes insta á Xunta de Galicia a solicitar urxentemente a convocatoria da Comisión mixta de transferencias Xunta-Estado para impulsar a transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como doutras competencias sobre as que xa houbo acordos parlamentarios e que xa foron transferidas ou están en proceso de negociación con outras Comunidades Autónomas”.

VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:



CO: 5 votos a favor
PP: 5 votos a favor
BNG: 2 votos a favor
GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

Aprobase a moción por unanimidade, quedando o citado acordo aprobado co seguinte contido:

O Pleno do Concello de Outes insta á Xunta de Galicia a solicitar urxentemente a convocatoria da Comisión mixta de transferencias Xunta-Estado para impulsar a transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do dominio público marítimo-terrestre, así como doutras competencias sobre as que xa houbo acordos parlamentarios e que xa foron transferidas ou están en proceso de negociación con outras Comunidades Autónomas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS

PREGUNTAS PENDENTES PLENO ANTERIOR:

- **Do PP:**

PREGUNTA 1. Soubemos despois da instalación das novas lámpadas correspondentes ao proxecto do IDAE na parroquia de Cando que tiveron problemas co alumeadado público, xa que, estivo un tempo sen funcionar.

Trátase de algo puntual ou se pola contra hai algún tipo de problema coas novas lámpadas? No caso de ser así cal é ese problema?

Responde o Sr. González que efectivamente nalgúns casos na substitución de luminarias que se está producindo, e tamén os cadros, houbo algún problema que como nos comenta o directora de obra e que a adaptación da rede coa antiga ten as súas problemáticas. Deste mesmo xeito é necesario que as luminarias que se está poñendo é necesario axustar a forma á que se adaptan os cadros. É unha cuestión de axuste e en 50 dos cadros xa funcionan correctamente e os outros 55 están en trámites.

Intervén a Sra. Molinos que esperan que no haxa que buscar culpables de ningunha deficiencia e que non haxa máis deficiencias.



- **Do BNG:**

PREGUNTA 1. Tiveron vostedes algún tipo de actuación no PAI para poder paliar o ruído e malestar xerado polas obras da avenida de San Campio, que sen dúbida molestaban aos pequenos e pequenas que alí acoden?

Responde o Sr. González que unha actuación como tal, máis que indicacións, non tivemos. Calquera obra que se faga crea molestias e problemáticas. Das 35 familias temos queixa só dunha familia e que as obras xa están máis avanzadas e que xa non se atopan no PAI.

Intervén o Sr. Caamaño para indicar que transmite o que lle fan chegar a veciñanza de Outes e que podería poñerse unha espuma, de xeito puntual, dentro para evitar rúidos na hora da sesta dos rapaces. Eu simplemente traslado o que se me fai chegar e que seguramente mo fan chegar porque vostedes non fan caso.

Responde o Sr. González que se fan caso a todo o que chega a Alcaldía entón temos moitos problemas porque as opinións de todo o mundo son contrapostas.

PREGUNTA 2. Van limpar axiña as praias do noso Concello ou esperarán a que se nos vote o verán enriba?

Responde o Sr. González que a praia de Broña xa se limpou varias veces e tamén nestes momentos e o resto de areas que teñen menos problemática que serán limpadas pero precisan menos atención e teñen menos afluencia. Responde o Sr. Caamaño que entende que esas praias aínda non foron limpadas, esas dúas praias o 95% de xente que van a elas son veciños de Outes. Coide á veciñanza.

- PREGUNTAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:

- **PP:**

1ª PREGUNTA. A Deputación Provincial de A Coruña a través do POS+Adicional 2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios e en función do que lle corresponde segundo os criterios de reparto de fondos que figuran nas Bases do Plan de Obras e Servizos POS+ 2021, asignoulle unha achega provincial ao Concello de Outes por un importe de 146.666, 98 €.



Os gastos desta achega, que tiña carácter prepagable, debían ser xustificados polo Concello ante a Deputación Provincial antes do 31 de marzo deste ano 2022, mediante un informe xustificativo dos pagos realizados ao respecto.

As nosas preguntas ao respecto:

1.-¿O Goberno Municipal foi quen de xustificar a totalidade da achega Provincial asignada pola Deputación ou pola contra tivo que devolver parte dela por non ser quen de xestionar o procedemento de maneira axeitada co fin de que se empregase a súa totalidade no beneficio dos veciños de Outes?

No caso de que tiveran que devolver algunha parte da asignación:

2.-¿Cal foi a cantidade total de cartos que deixou de empregar o Goberno Municipal, é decir, para que todo o mundo entenda, cantos cartos perderon desta vez da subvención?

3.-En que modalidades de aplicación non xustificaron o gasto e que cantidade de cartos perderon en cada unha delas?

3.-¿Achegaron vostedes, no seu momento, aos veciños susceptibles de ser beneficiarios da axuda, información eficaz sobre a posible adhesión ás prestacións que puxeron? Se foi así ¿Por qué medios o fixeron?

Responde o Sr. González que tiñamos unha axuda no POS social que non se xustificou na súa totalidade, senón que se xustificou un total de 106.1631 €, polo tanto quedan 40.000€ sen xustificar. Expón as partidas que foron xustificadas e as que non foron xustificadas así como as súas contías. Cremos que se levaron a cabo programas novedosos e en canto á difusión en servizos sociais é un dos servizos que mellor funciona.

Toma a palabra a Sra. Molinos que fai referencia as palabras do Sr. González e indica que este cree que se fixeron programas novedosos e o que o PP cre é que perderon vostedes 40.035,91€ dos cartos adxudicados, e perdéronos pola nefasta xestión e máis a engadir a súa conta de perda de subvencións e fai referencia ás perdas por parte do Concello que ten constancia o seu partido. Non sei se saben que o total ao que ascenden as perdas é de 126.000€ que tiñas vostedes nas mans e por non xustificar o gasto deixárono escapar. En moitos casos estas perdas destinadas a servizos sociais, ao que máis precisan os nosos veciños, tendo en conta que fai máis dun mes puxeron en perigo a prestación do SAF por non



prorrogar o contrato coa empresa en tempo e forma e ter cuberto este servizo durante 6 meses sen contrato.

No Pleno do 25 de xuño de 2019 cando se aprobaron a dedicación dos Concelleiros do goberno que vostede preside dixo que a Concellería de Igualdade e Benestar que ía ser atendida por vostede e que a coordinación pola concelleira correspondente e que esa área estaría perfectamente atendida. Que foi o que fallou, o día a día ou a coordinación? Non quero ser agoireira pero non teño moi claro que a subvención da Escola da Moa estea xa perdida, esperemos que estea equivocada.

Toma a palabra o Sr. González que indica que con respecto á subvención do GALP da Escola da Moa está todo correcto. En canto a xestión e os servizos sociais que presta este concello direi que están moito mellor nos que vostedes o deixaron. En axuda no fogar prestamos moitas máis horas das que vostedes prestaban, aumentamos o xantar na casa e temos máis recurso e máis persoas atendidas, en servizo de conciliación é o 200% mellor do que vostedes facían e continúa o Sr. González coa enumeración doutros exemplos. Moitas veces non é fácil a xustificación en accións concretas e aínda así desenvolvemos proxectos que vostedes nunca fixeron. Cando chegamos tiñamos concedida unha subvención de 200.000€ para o Estaleiro e como vostedes non tiñan o permiso de costas que nós tardamos un ano e pico en conseguila perdemos 100.000€ desa subvención.

2ª PREGUNTA. Aínda que sabemos que a Deputación de A Coruña é a administración que está a realizar a obra de “Mellora da travesía de Serra de Outes DP-5604 Outes a A Pereira por Pesadoira PK.0+000 a PK 0+340”(e decir a Avda. de San Campio), pensamos que é responsabilidade do Goberno Municipal mirar polos intereses dos veciños e revisar que a obra se execute segundo o proxecto aprobado, ou ben, se é o caso, estar ao tanto das variacións ou cambios que poida sufrir ao longo da súa execución, e por suposto coñecer os motivos dos mesmos ademais de comprobar que non perxudiquen ao Concello como posterior responsable do mantemento e funcionamento dos servizos afectados nin aos veciños como usuarios dos mesmos.

Polo que acabamos de expoñer, queremos preguntarlle ao Goberno Municipal:

- ¿Que tipo de seguimento está facendo o Goberno Municipal das obras que se están executando na Avda. de San Campio?
- ¿Houbo algún cambio na execución da obra con referencia ao recollido no Proxecto de Execución?

No caso de ser así,



- ¿En que consistiron eses cambios e cal foi a sua motivación?
- ¿Que repercusión económica tiveron no Orzamento do Proxecto?

Responde o Sr. González que están facendo un seguimento máis próximo e sendo case cada día, sendo esta unha obra da Deputación e unha empresa contratada pola Deputación. Que teñamos constancia non houbo modificacións substanciais no proxecto e si que houbo pequenos cambios, algunhas delas suxestións nosas, e fia referencia a algúns exemplos. As razóns ou motivación é porque nós as solicitamos e parecíanos que a avenida quedaba máis bonita. En canto á repercusión económica eso deben preguntarllo á Deputación pero nós descoñecemos o alcance dos mesmos, porque non nos compete.

A Sra. Molinos indica que se vostedes din que levan un control será así e o que nos trasladan os veciños da zona é que porque exemplo as conexión de saneamento estanse a facer de xeito pouco axeitada, de todos modos, podería valer esta pregunta para que presten máis atención a esta obra.

3ª PREGUNTA. Sabemos que esta fin de semana vaise celebrar a “fEIRA Náutica do Freixo 22- en Outes” cuxo proxecto técnico por valor de 44.000€ (IVE engadido) foi aprobado por Decreto da Alcaldía o 17/09/2021 co fin de solicitar unha subvención ao GALP pola totalidade dese importe. O día 3 de febreiro deste ano fíxose unha xeración de crédito por valor de 38.720,00 € ao cargo de “Outras subvencións de Capital da Administración Xeral da Comunidade Autónoma”, e o día 4 do mesmo mes tamén por Decreto da Alcaldía celebrouse un Contrato Menor por valor de 18.059,50€ coa empresa CORREVEYDILE en relación co proxecto antedito. As nosas preguntas ao respecto son:

- ¿A canto ascende finalmente a subvención do GALP?
- ¿Con qué conceptos concretos se corresponde o contrato menor celebrado?
- ¿Cales foron as outras empresas que presentaron ofertas con respecto ao antedito Contrato menor e a canto ascenderon esas ofertas?
- Ademais dos correspondentes a ese contrato, en que conceptos, con detalle, se vai a gastar o resto do orzamento do Proxecto?

Responde o Sr. González que a subvención de GALP ascende 38.720,00 €, en canto ao contrato apunta os conceptos concretos que se establecen no mesmo e enumera os mesmos. Se enviou convites a tres empresas, que son nomeadas polo Sr. González así como as contías. Con respecto ao proxecto que indica, con relación ao alugamento de carpas, escenarios e casetas 11.010€ e e enn culturalgal (incluído carpintería da Ribeira) 14.900€ IVE incluído.



4ª PREGUNTA. Según os datos que constan na Plataforma de contratación do sector público o día 14/07/2021 rematou o prazo de presentación de ofertas para a realización da obra de “Reforma e Mellora da EDAR de Outes” e 6 meses despois procedeuse a adxudicación das devanditas obras. Dende esa data xa pasaron outros 5 meses e non temos constancia de que as obras comenzasen.

As nosas preguntas ao respecto son:

- Se as obras xa comenzaron, ¿En que data comenzaron?
- Se aínda non comenzaron,
- ¿A que se debeu o considerable retraso tanto na adxudicación como no comenzo dos traballos?

Responde o Sr. González que a acta de replanteo marca o inicio das obras e comezaron o 13 de xaneiro de 2022 e a tardanza na tramitación foi debido a certas cuestións burocráticas que sempre se producen, houbo que facer varios requirimentos. O inicio efectivo retratouse co problema de subministracións de certas pezas concretas e que parece que está encarrilado, pedindo a empresa unha prórroga por esta problemática.

Indica a Sra. Molinos que pode entender o que o Sr. Alcalde indica pero que dende o 14 de xullo que se rematou o prazo de presentación de ofertas ata que se adxudicou a obra non houbo problemas de subministracións, polo tanto, si que non entendemos esa tardanza para empezar unha obra tan importante e para un goberno tan pendente sempre do medio ambiente. Responde o Sr. González que é unha cuestión que tamén lles preocupa, son procedementos complexos e os recursos que temos son os que temos.

5ª PREGUNTA. O noso Grupo Municipal pediulle ao Goberno información sobre dous asuntos do noso interese, a través de sendas solicitudes entrada. A primeira delas ten data de 10/11/2021 e trátase de requirirlle información sobre o estado do Remanente Municipal. Na segunda pedíámoslle que nos achegasen os Proxectos modificados *Humanización da Rúa Doctor Esperante e outro e *Pavimentación Escola de Braño (O Freixo) e outros, ambos incluídos no POS+22. Esta petición ten data de 19/05/2022.

Pasaron mais de 6 meses dende que se fixo a primeira e mais dun mes da segunda. Ningunha delas foi atendida nin se tivo notificación do motivo polo que non se satisfacía a nosa petición.



Esta inacción e pasividade do Goberno ante peticións de información ou documentación por parte do noso Grupo Municipal dificulta a nosa labor de control da actividade municipal.

Polo antedito preguntámoslle ao Goberno municipal:

- ¿Cal é a razón pola que non se atenden as nosas solicitudes de información e documentación?

Aclara a Sra. Molinos que con respecto á segunda petición despois de ver esta pregunta, imaxino, esta mañá enviaron eses dous proxectos que pedíamos.

Responde o Sr. González que é certo que se está tardando, a primeira porque trasladámoslla a quen a tiña que elaborar, que é a Intervención, e vostede solicitaba un informe dos movementos de entrada e saída do remanente, e procede á lectura da petición. Solicitámoslle a Intervención a mesma, pero esta é uha área que ten moito traballo e tardou (engadido ao cambio de Interventora) en realizalo por motivos evidentes e porque parece que non é tan doada de elaborar. E a segunda púidose contestar un pouco antes e a quen se lle deron as indicacións para que se lle remitira esquecéuselle e a nós tamén polo que se lle enviou onte.

Intervén a Sra. Molinos para indicar que se lle esquecen ao Sr. González sobre a documentación que se lle solicita e que non é só ao noso grupo. Estamos empezando a pensar é que o autoproclamado goberno máis transparente de Outes é un goberno que agocha documentación á oposición, hai algo que non quere que vexamos? Porque senón non o entendemos, porque dende o mes de novembro do ano pasado no pode ser tan complicado.

Indica o Sr. González que unha cousa é o estado do remanente e outra é a información que o PP solicita. Indica a Sra. Molinos que para este goberno todo é complicado burocraticamente. E o Sr. Alcalde indica que se lle remite cando se pode facer.

6ª PREGUNTA. Estamos rematando o mes de xuño, e asistimos un ano mais dende que o seu Goberno é o responsable da contratación dos socorristas para traballar nas nosas praias, á incerteza en canto ao funcionamento do antedito servizo.

O que nunca sucedeu nas pasadas lexislaturas, cando Outes era un referente na comarca en canto ao servizo de socorrismo se refire, estamos a ver que agora sucede. Rematou o mes de xuño sin que haxa socorristas contratados para darlle seguridade aos usuarios dos areais, feito que é fundamental pero non podemos perder de vista que esta situación afecta tamén indirectamente á economía do



Concello e sobre todo ao sector do turismo porque pouco importa que gasten vostedes cartos na suposta promoción do turismo se ao final os visitantes deixan de vir Outes porque na praia non hai socorristas que atendan posibles situacións accidentais.

Xuño xa o perderon vostedes, pero está comenzando Xullo e nada sabemos do que vai pasar nos seguintes meses de verán.

Ante esta lamentable situación, preguntámoslle ao Goberno:

- ¿Teñen contratado algún socorrista para os vindeiros meses de verán?

No caso de ser así ou no caso de que aínda non haxa ningún contratado pero teñan pensado facelo,

- ¿Qué condicións contractuales aplicarán?

- ¿Durante canto tempo traballarían, qué días e con qué horario?

- ¿Consideran que o Concello vai facer este ano un servizo suficiente para que estean cubertas as necesidades mínimas de seguridade dos nosos areais?

Responde o Sr. González que esta pregunta é unha pregunta realizada polos tres grupos, non temos polo momento ningún socorrista contratado o que fixemos foi lanzar unha convocatoria a primeiros de xuño como se fai tódolos anos supeditada a unha subvención como tódolos anos. Viñeron a facer a proba 3 persoas e posteriormente unha máis e esta semana outra máis. A esas persoas indicáronse as condicións da contratación e decidiron que non eran adecuadas e que polo tanto non ían a coller esa praza. As condicións contractuais son un contrato dende 24 de xuño ao 18 de setembro de 1.542 € ao mes. Interrompe a Sra. Molinos para indicar que non quere que responde o que xa todos sabemos senón á pregunta que se formula, se vai a contratar a partir de agora e en que condicións.

Continúa o Sr. González que a proposta das bases son as indicadas e o tempo dependendo dos socorristos coas que podemos contar. Non sabemos se teros o mesmo número de socorristas doutros anos, a falta de socorristas afectas a moitos socorristas e hai tres praias en toda a comarca que teñen socorristas. O problema pode ser que sexa doutra índole. Gustaríanos ter socorristas pero se o concurso queda deserto pero que se cando se lles ofrece o contrato entenden que noutros concellos teñen unha mellor oferta ou máis axeitada pois non depende de nós.

A Sra. Molinos indica que en Outes non hai falta de socorristas e que tristeza como vostedes están acabando con cousas que sempre funcionaron ben. O servizo de socorristo de Outes que sempre foi un referente chegaron vostedes e acabaron



con el, foi unicamente no ano 2019 e porque o anterior goberno xa lle deixou todo realizado, nos seguintes anos cando dependeu exclusivamente de vostede faino de mal en peor. Non podemos dar crédito que a 1 de xuño non haxa socorristas nas praias. Póñanse a traballar, o tempo perdido xa pasou pero que polo menos que no que queda de verán haxa seguridade nas praias. O que hai que facer é valorar a quen dan esa seguridade e ofrecerlles unhas boas condicións laborais, porque se o fixeran así ao mellor non era necesario estar aquí debatendo isto.

O Sr. González indica que só vai a dar un dato vostedes no 2019 sacaron unha serie de prazas que se cubriron con recursos propios e aínda houbo posibilidade de subvención. Vostede as 5 prazas as retribucións eran de 1.326,56€ mensuais brutos dende o 13 de xuño ao 15 de setembro a xornada completa (40 horas). No 2020 que foi cando por primeiro vez levamos a cabo e que a decisión que tomamos foi a termos á subvención. O que establecen as bases 1.490€ brutos e 37,5 horas semanais, e o que ofrecemos este ano é 1.542 € ao mes e 37,5 horas, polo tanto, as condicións melloraron.

- **BNG:**

PREGUNTA 1. Dende que comezaron a gobernar non fixeron máis que causar problemas e facer recortes no servizo de socorrismo de praia en Outes. Primeiro tentaron reducir nun mes o tempo de contrato, cousa que tiveron que recuar (parcialmente) no seu momento, renunciaron a contratar con fondos propios causando unha merma importante nas condicións de traballo que se viñan ofrecendo en anos anteriores. Recuar en condicións laborais é algo polo que xa lle debiera caer a cara de vergoña. Estas accións por parte do seu goberno o único que fixeron foi facer o noso concello menos atractivo para os socorristas que desexaran traballar aquí, sendo un persoal cada vez máis difícil de atopar no noso país xustamente por prácticas coma as súas. Con cantos socorristas conta, a día de hoxe, a praia de Broña? Vaise contratar algún máis por algunha vía extraordinaria? Por que motivo decidiron prescindir da contratación a través de fondos propios? Están satisfeitos coa situación actual do servizo? Tiveron en conta nalgún momento as demandas e necesidades trasladadas por socorristas en anos anteriores para mellorar o servizo?

Responde o Sr. González para indicar que cre que as respostas son parecidas as xa aportadas. O goberno asinou a proposta de bases é de 18 de maio e o proceso levouse a cabo xa fai varias semanas. Este ano foi todo máis rápido den de a Xunta de Galicia con respecto á contratación deste persoal. Non temos socorristas,



estamos intentando cubrir esas prazas de socorrista e clara que non estamos satisfeitos, pero son as circunstancias que se dan.

Nos o que queremos é que a través da subvención é contratar aos socorristas e por medio dos nosos medios propios suplementar para acadar os 3 meses que propoñemos nas bases. En canto as cuestións que demandan os traballadores intentamos en telas en conta pero moitas veces non se poden satisfacer. Isto é un problema xeral non só do noso Concello e procede a nomear algúns concello na mesma situación.

O problema fundamental é que a moitos non lles compensa facer a formación polo custo elevado que ten e que hai que renovar cada certo tempo pero isto non é algo que poida solventar o concello de Outes, senón á Xunta de Galicia.

Intervén a Sra. Suárez para indicar que despois de todas as escusas por parte do Goberno, no Concello de Outes chegou a haber 7 socorristas, cal foi o problema de dous anos para acá? Sendo moitos veciños do noso Concello. Cree que a estes socorristas lle vai a compensar máis traballar ao Concello de Boiro por 100€ máis que no seu Concello? Non o que queren é seguridade laboral, nos tempos e nas formas e maneiras de como se lles trata. Non resuma a culpa nun titular de que non hai socorristas, pero a día de hoxe hai concellos que teñen socorristas contratados con fondos propios e vostedes non os teñen nin con fondos propios nin sen fondos propios. Non hai socorristas e todo isto é por deixadez do Goberno. Non teñen no mes de xuño ningún socorrista nas nosas praias e esa é a realidade.

PREGUNTA 2. Un par de veciños informáronos da intención da construtora de non completar a renovación da beirarrúa na avd de San Campio. Falamos do tramo comprendido entre a canalización de auga que hai na curva dirección Sto. Ourente ate a rúa do agro das mozas. Tendo en conta que no proxecto aprobado por esta corporación no 2020 este tramo estaba contemplado, houbo algunha modificación? Vaise deixar sen arranxar?

Responde o Sr. González que a que tramo se refire ao que o Sr. Núñez aclara cal é o tramo da mesma. Ao que o Sr. González indica que non teñen información de que sexa o contrario e que no proxecto aparece e que vai a chegar ata alí.

PREGUNTA 3. En Marzo do 2021 pedímoslles que fixeran os trámites precisos para aumentar a seguridade vial na DP-5604 ao seu paso polos bares do Areal, xa que non hai ningún paso de peóns dende a Avd de San Campio (máis de 700 metros) e en fronte da “Nosa Taberna” xa que o máis próximo atópase a máis de 300 metros.



Que trámites fixo o goberno local ao respecto? Está previsto a instalación de sendos pasos a curto ou medio prazo?

Responde o Sr. González que o 17 de xuño de 2020 solicitamos á Deputación a posibilidade de colocación de paso de peóns á altura do Areal, petición que non nos responderon en que se reiterou o 20 de outubro e que seguimos agardando resposta. En canto a outra zona o 18 de xuño de 2020 tamén solicitamos e a resposta que nos deron o 15 de setembro e que estaban estudando a colocación do paso de peóns e dende aquela non tivemos resposta. Dende aquela estamos agardando.

Vemos que teñen a capacidade de insistir como indica o Sr. Núñez e que pídelle que o sigan facendo ao que o Sr. González indica que van seguir insistindo e agardo que a Deputación atenda as nosas súplicas.

PREGUNTA 4. En Xuño do 2020 o grupo municipal do BNG presentou unha moción en defensa dos dereitos LGBT que se converteu na primeira declaración institucional de Outes ao respecto. O segundo punto do acordo dicía o seguinte: O goberno organizará, non só nos meses do orgullo se non ao longo dos anos, campañas de visibilización, concienciación e actividades que teñan coma obxectivo a eliminación de calquera tipo de LGBTfobia. Pasaron dous anos e non vimos que o goberno cumprira con este acordo, fixeron algo ao respecto? Pensan facelo nun futuro?

Responde o Sr. González que é certo que se poden desenrolar máis cuestións, fíxose unha campaña de sensibilización con dúas andainas e aproveitamos os campamentos de Outes concilia para esta sensibilización. Teño que chamar a atención que dende esta goberno faise unha maior difusión. O Sr. Núñez indica que cree que se pode facer moito máis, xa que a concienciación ten que ser en todas as franxas de idade e que se poden facer sen un gran despliegue económico.

PREGUNTA 5. En Novembro do 2021 presentamos unha moción na que se lles daba un prazo de tres meses para obter a información necesaria para a incorporación de Outes á mancomunidade do lixo do Barbanza. Vostedes tiñan a obriga de convocar unha comisión informativa en febreiro e aínda non o fixeron, cando pensan facelo?

Responde o Sr. González que hai varios meses presentamos esa información e que vostede solicitou e contestóuselle hoxe e que es solicitude pois non temos resposta, polo tanto, non temos que remitirille e polo que non se convocou. Indica o Sr. Núñez



que a pregunta é anterior ao documento que recibimos, a solicitude é do 3 de marzo e como non tivemos ningunha información preguntámoslle por privado que cando ían convocala ao que se nos contestou que non tiveran tempo porque a concelleira estaba de baixa e que entendemos que nestes casos o asume o Alcalde o ou outro concelleiro. Que casualidade que se nos fai chegar o documento por privado e que está asinado o 11 de marzo de 2022, claro dificilmente a ían convocar tres meses despois de aprobar a moción aínda non tiñan a documentación. Son incapaces de facer un papel. Indica o Sr. González que se lle remitiu cando se dispoñía.

PREGUNTA 6. O BNG trouxo a pleno, en varias ocasións, a situación lamentable na que se atopa a piscina municipal. Pedímoslles que tomaran nota e actuaran para poñela en valor e arranxar as súas deficiencias. Lonxe diso atopámonos con que segue habendo problemas coa maquinaria para a que nunca chega un arranxo (4 bicicletas estáticas estropeadas e 2 elípticas fóra de servizo) e que os problemas de goteiras, cristais rotos e problemas na infraestrutura seguen agardando por unha actuación. Pediu o goberno, nalgún momento, un proxecto para solucionar os problemas desta infraestrutura? Que xestións fixeron para axilizar o arranxo de equipamento?

Responde o Concelleiro de Deportes que indica que referido se nalgún momento fixemos algún proxecto o que se fixeron foron unha serie de valoracións para analizar a situación en especial do tellado. En canto ao arranxo do equipamento dedicámonos a insistir a empresa que realiza estes mantementos, dende fai 3 semanas estamos reclamando o arranxo dos mesmos e agardamos que cheguen mañá para facelo efectivo.

Toma palabra a Sr. Suárez que as condicións da piscina non permiten o seu normal uso e que se esperamos 3 meses par una peza da caldeira para quentar auga que nos queda agora, teñen vostede un problema claro coa súa insistencia. Vese que esa insistencia non lle está dando resultado. Nesa piscina hai una serie de aboados que usan unhas instalacións lamentables e deplorables e que é patente que perderon moitos usuarios polas condicións lamentables da piscina e que vostede nada fan.

Responde o Concelleiro de Deportes que hai outras instalacións do Concello que non estaban nin moito menos mellor e fóronse priorizando e chegará o momento da piscina.

PREGUNTA 7. En xaneiro preguntamos pola substitución de socorristas na piscina municipal a través dunha empresa privada. No seu momento dixéronnos que



activaran “o proceso burocrático para organizar a contratación dun socorrista a través da lista de agarda”. Comezaron, realmente, a tramitar a bolsa de persoal para substitucións na piscina? En que estado se atopa dito trámite? Volveron botar man de contratos menores para facelo? De ser afirmativo a canto ascenden as facturas?

Responde o Concelleiro de Deportes que comezouse a tramitar as bases de persoal para o socorrista de piscina que tamén nos servirá para a creación dunha lista de agarda. Está pendente de informe de Intervención. Si que o facemos mediante contrato menor para axilizar o servizo e as facturas ascenden dende xaneiro ata maio son de 5.403,99 €.

Comenta o Sr. Núñez que levan tres anos no goberno e que a interventora repetiu en diversos informes que había que sacar esas bolsas e fixeron caso omiso. Responde o Concelleiro de Deportes que bolsas hai que facer moitas de outros servizos e os servizos de Secretaría e Intervención non se adican só a sacar bolsas, están a facer unha gran labor neste concello en contratación, licitacións e demais que son tan importantes como a contratación do persoal. A problemática real chegou dende setembro deste ano o cal xa se activaron dende o mes de febreiro para sacar esta praza cunhas mellores condicións das que xa había inicialmente e poder sacar esa bolsa.

- **Partido Socialista:**

Intervén o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño par a indicar que non lle fai falta ler a pregunta, referida aos socorristas, porque xa escoitou o que lle contestou aos demais grupos. Indica que o Sr. González fai referencia á publicación da Voz de Galicia, non fala do titular de hai unha semana que dicía que “A profesión de socorristas estaba condenada á extinción” e o que máis me chamou a atención era o que dicían os socorristas, que o concello de Outes era un referente. O PP díxolle nunha ocasión mediante moción que se precisaba facer mediante fondos propios a contratación do socorristas para non ter problemas na súa contratación e despois nas listas cando tiñamos 30 só aparecían 7 ou 10.

hai unha diferenza entre os socorristas e vostede, é que o seu soldo pono vostede e o soldo dos socorristas non o poñen eles, pono neste caso a Xunta de Galicia pola subvención. Se vostede collera 7.000€ do “Ferrari” ao mellor daba para mellorar o salario dos socorristas. Di vostede que respecto aos socorristas non se vai solventar dende o concello de Outes, os socorristas son para Outes e o ten que solventar vostede. O problema dos veciños de Outes é que imos a estar sen socorristas.



Indica o Sr. Caamaño que indicaba o Sr. González que equiparaban o soldo dos socorristas ao dos da piscina, e pon o exemplo da súa experiencia e que cobraban máis os que traballaban menos tempo que o que o facían todo o ano. Sería unha compensación por non ter unha estabilidade temporal? Sería.

Procede á lectura da pregunta por petición do Sr. González a ceñirse á pregunta presentada por rexistro “A día de hoxe temos xa socorristas para esta campaña de verán, cantos temos e dende cando e ata cando imos prestar este servizo tan primordial para a seguridade non só dos turistas que nos visitan se non principalmente para tódolos veciños e veciñas de Outes?”

Responde o Sr. González coa lectura da noticia do xornal sobre a entrevista concedida ao Alcalde do Partido Socialista de Valdoviño relativo ao tema dos socorristas nesa localidade e a problemática con respecto á contratación dos mesmos. Engade o Sr. González que polo tanto o tema dos socorristas é un tema xeral.

Responde o Sr. Caamaño que vostede é o Alcalde de Outes e o día que vostede me diga a min o alcalde de Outes do Partido Socialista non foi capaz de contratar sete socorristas para Broña dígame á cara. O que faga o Alcalde de Valdoviño ten prioridade e son as súas e aquí en Outes temos as nosas prioridades. O Partido Socialista díxolle sempre prioridades e sentido común, e as prioridades súas nunca son con sentido común, repítollo tódolos plenos. Isto é unha prioridade, socorristas nas praias de Outes, saque os cartos de onde queira, venda ao “Ferrari”, como morra alguén ... Sr. Alcalde, sinto moito polo Alcalde de Valdoviño, esperemos que non pase nada, en Outes temos o material que imos a ter parado, pero non se preocupen que temos a Feira Marítima do Freixo e empeza este fin de semana e sairemos na prensa que iso é o importante.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que a primeira cuestión coas prioridades do Concello de Outes establéceas este goberno e xa me temía que a intervención do Sr. Caamaño ía ir por “se pasa algo ...”, se pasa algo que?. Se pasa algo o que pasou en Portodoson ou Muros é responsabilidade deses alcaldes? Hai que ter un pouco de decencia sobre as cuestións que se apuntan aquí.

- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:

- **BNG:**



PREGUNTA 1. Ven de “arranxarse” a AC-146 dende Ceilán a Pontenafonso, foron vostedes ver en que condicións, despois de anos de espera, deixaron a pavimentación de dita estrada?

- **Partido Socialista:**

PREGUNTA 1. Gustaríame saber en que punto se atopa, estando presente un campión galego que usa a zona do Albán, o tema das luminarias da moción feita das luminarias feita polo Partido Socialista e que foi aprobada neste Pleno fai algúns meses?

PREGUNTA 2. Falamos de seguridade, este partido trouxo ao Pleno unha moción dos desfibriladores que foron mercados cando llo recordamos que pasaba o prazo, e tiña unha segunda parte que era crear uns cursos para todo o persoal do Concello. Curso que non priorizou a formación para o uso destes aparatos. Temos os mesmos para que non pase ningunha desgracia e o sentido común é que se precisas eses cursos. Cando pensan poñer en marcha eses cursos?

- ROGOS:

- **PP:**

ROGO 1. N pista de xogos de Bendimón hai unha gran cantidade de escombros acumulados. Rogámoslle que tomen as medidas necesarias para que sexan retirados e que se acondicione a contorna dese espazo.

ROGO 2. Moitos veciños de todas as parroquias do Concello fainos chegar as súas queixas polo lamentable estado de limpeza que se atopan as beiras das pistas municipais. As queixas son xeneralizadas tamén en referencia a diferentes espazos públicos como as fontes. Ultimamente tampouco vimos que poñan o cadro de desbroces publicado e como nos dixeron que non se desbrozan cun cadro que ademais non cumpren, isto realízase con xestión e con traballo. A verdade es que estibemos esperando a que materializasen ese plan de choque de desbroce que reclamaban insistentemente cando estaban na oposición. As excusas son que hai moitos km de pistas, que o Concello é moi grande ... Sr. Alcalde son igual que antes e ata onde sabemos a superficie non variou. Vista esta situación teremos que seguir agardando polo plan de choque e o peor que os que sofren esta situación son os veciños de Outes ao que vostede lle prometeu o que non son quen de cumprir. Rogámoslle ao goberno que adopte as medidas necesaria para que as pistas e espazos públicos do Concello non se vexan invadidos pola maleza.



ROGO 3. queremos rogarlle ao Goberno a que o Sr. Alcalde faga unha pequena viaxe e que vai de Entíns a Fontenlos para ver no sitio o lamentable estado no que se atopa. Cóntanos que hai numerosos veciños lle fixeron esta petición e tampouco lle fixo ningún caso. Pídolle que vai ao sitio pala que vexa o estado real da estrada e que poida tomar as medidas necesarias de inmediato. Esta é a 18ª vez que nos vemos obrigados a facer este rogo igual era hora que o foran atendendo.

- **BNG:**

ROGO 1. A situación dos espazos públicos e os viais invadidos, estamos en xuño e transitar por algúns dos viais, moitos, é francamente arriscado para vehículos pero sobre todo para os viandantes e non fixo nada para corrixilo, xa que o ano pasado pasou o mesmo. Sr. González rogámoslle que faga unha planificación en canto a limpeza dos espazos públicos e os viais municipais, unha planificación ordenada e multidisciplinar e que se poida atender a algunha obra menor tamén. É unha cuestión de previsión e de preocuparse.

ROGO 2. Rogámoslle que se adique ao que se ten que adicar que é gobernar polo ben da veciñanza de Outes e sobre todo ter un mínimo de vontade de atender ao que lle trasladan a veciñanza e ter en conta as prioridades.

ROGO 3. A estrada 550 que tamén é urxente que se actúe nela, dende Cruceiro de Roo hasta a Ponte de Ceilán. Nas cunetas volveuse a depositar o material outra vez no espazo que é a carreteira, non se pode consentir iso nun espazo público e que iso sexa un vertedoiro dos escombros no noso Concello. Rogámoslle que fagan os trámites precisos para que o retiren do lugar onde o deixaron.

- **Partido Socialista:**

ROGO 1. Non hai moito tempo dixeron vostedes que ían a actuar sobre a sinalización do noso Concello. Eu traio para que dende aquí que escoiten a voz de algún veciños e veciñas , porque repito que cando chega a min foi porque seguro que vostedes non lle fixeron caso. Rógolle que non se es quezan do lugar do Rego e de colocar unha sinal que está tirada na estrada que e sinaliza o Tremuzo e que me constan de cal se trata.

ROGO 2. Saben porque non me gusta poñer fotos do mal que están as cousas de Outes no Facebook? Por dúas razóns, a primeira é porque non me gusta que a xente vexa cousas feas do meu Concello, eso si sabe ben que en moito Plenos lle



traio aas fotos a vostede. A segunda razón é porque considero que vostede se pode equivocar ou non decatarse dalgunhas cousas por iso sigo traendo as fotos aquí. Esta primeira (ensina a foto) xa que desta estaba vostede máis que coñecido, esta sinalización e adecentamento da selva amazónica, pois esta sinalización foi traída a a pleno en varias ocasións e o que pasa que mañá comeza no Freixo a Feira Marítima e foi onte cando se dignaron a levar a cabo unha das pequenas peticións que o Partido Socialista lle fixo. Iso debería estar limpo e sinalizado sen que houbera ningunha Feira no Freixo, só lle importa o que dirán os de fora. Quen lle debe importar son os veciños e veciñas de Outes que conviven a diario con esta situación.

Asegunda foto que lle vou a entregar ten que ver cos 400.000€ invertidos nas pistas forestais pola moción presentada polos socialistas de Outes e aprobada por tódolos presentes, pero que a vostede parece que non lle interesa sacar adiante. (Mostra as fotos) Así se atopan algunhas pistas coas primeiras choivas, en dous anos créame que os 400.000€ están tirados por non crear unha normativa que regule a tala da madeira e as condicións nas que se deixan os camiños e as pistas, que foi no que se quedou. Por iso, rógoles hoxe que para que cree a Comisión pertinente para crear unha normativa adecuada e boa para tódalas partes implicadas

Remata a sesión ás 23:25 horas do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

